



XUNTA
DE GALICIA

Enerxía eólica

Actuacións desenvoltas pola Xunta
de Galicia

1 de decembro de 2021



XUNTA
DE GALICIA

Modificacións lexislativas



MORATORIA DE PROXECTOS

O futuro do sector eólico en Galicia debe seguir pasando por unha **planificación ordenada** que nos permita chegar **seguridade xurídica** ao sector ao mesmo tempo que damos prioridade a un **desenvolvemento compatible co medio natural**.

Por iso, mediante a súa incorporación á Lei de Medidas, **a partir de xaneiro establecerase unha moratoria de ano e medio para poder tramitar os 275 expedientes** que hai agora sobre a mesa e que suman **7.200MW**.



Desde o 1 de xaneiro ata xuño 2023 non se admiten a trámite novos parques



Desenvolvemento racional do sector en Galicia



+ Seguridade e confianza ao promotor



AMPLIACIÓN DAS DISTANCIAS

Galicia tamén ven de acordar unha **nova limitación na distancia dos aerogeradores aos núcleos** de poboación, que pasa a ser a maior destas dúas: **500 metros ou cinco veces a altura total do aerogenerador (buxe máis pá)**.

Esta decisión contribuirá á **defensa dos espazos naturais ao evitar o impacto visual**.

En ningún caso a medida se adopta por temas de ruído, pois as novas tecnoloxías que incorporan os aerogeneradores xa minimizan esta cuestión.

➔ **500 m ou 5 veces a altura do aereo**

➔ **Parques eólicos compatibles co medio ambiente e coas nosas vilas**

➔ **Menor impacto visual**

Transparencia e mellora da información

Actuacións de transparencia e información

Dentro do proceso de planificación que a Xunta está a levar a cabo para acadar un desenvolvemento eólico ordenado, estanse impulsando ferramentas de transparencia, colaboración institucional e información que teñen como obxectivo achegar información, de xeito accesible, aos concellos, á cidadanía e ao resto de entidades interesadas.

1. **Rede de información provincial de concellos**
2. **Guía divulgativa da tramitación de proxectos**
3. **Oficina informativa sobre valoración de terreos**



1. Rede de información a concellos

- A **rede de información provincial** permite que antes de proceder á preceptiva exposición pública dos proxectos priorizados, se poida dar información de primeira man aos concellos nos que se teñan previsto implantar. A finalidade é que poidan coñecer as súas características, sen prexuízo das alegacións que este organismo, así como calquera outra persoa ou entidade da zona, poida presentar no trámite de exposición pública.
- A canle de comunicación entre a Xunta e os entes locais son as xefaturas territoriais.

Desde a posta en marcha desta rede de información, lévanse realizados **95 encontros** cos diferentes concellos nos que se está a tramitar un proxecto eólico.

2. Guía divulgativa de tramitación de proxectos

Co obxectivo de **mellorar a información sobre o proceso de tramitación dos proxectos eólicos**, realizouse unha **guía divulgativa** para achegar de xeito transparente e sinxelo o procedemento de tramitación dos proxectos eólicos en Galicia.



Fases da tramitación dos Parques eólicos en Galicia

ADMISIÓN A TRÁMITE DO PROXECTO

- **Fóra da Rede Natura**
- Non solapamento
- Dentro das áreas de desenvolvemento eólico
- Capacidade do promotor
- Permisos de acceso á rede eléctrica

TRÁMITES PREVIOS

- Proxecto de execución
- Documentación ambiental

Consultas previas:

↓
Administración
Interesados
Público xeral

ESTUDO DE
IMPACTO
AMBIENTAL

INFORMACIÓN PÚBLICA

DOG
Alegacións
30 días

Informes sectoriais:

Administración xeral
Administración autonómica
Administración local

TRÁMITE AMBIENTAL

DECLARACIÓN DE
IMPACTO
AMBIENTAL

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA E DE CONSTRUCCIÓN



01.

02.


03.

04.


05.

En tramitación

Un total de 84 proxectos
2.328 MW xa superaron os
trámites previos e están
na fase 3: Información
Pública/Informes sectoriais



Proxectos



3. Oficinas de información a propietarios de terreos



Co obxectivo de facilitar aos titulares dos terreos afectados pola tramitación administrativa dun parque eólico a **información precisa sobre métodos e criterios de valoración dos terreos afectados**, así como a normativa aplicable para a clasificación e cualificación do solo.

- Os interesados poden enviar as súas consultas ao correo electrónico: infoeolicos-propietarios.enerxia@xunta.gal
- O **teléfono 881 122 908**, que esta a disposición dos interesados, das 9:00 as 14:00 horas, de luns a venres



XUNTA
DE GALICIA